

ACORDO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA, PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES CONXUNTAS

En Santiago de Compostela, a 24 de outubro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de Directora Xerente da **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, código postal 15707 e provisto de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.) G-15721640, cargo para o que foi nomeada na sesión do Padroado de 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación.

Doutra, , na súa calidade de Presidente da **ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA** (en diante, **AJE PONTEVEDRA**) con CIF e domicilio fiscal en, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo na Asamblea Xeral de data de.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viales e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

g) *As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do Emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM), con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, a Fundación leva a cabo todo tipo de actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuír á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

Terceiro- Que **ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA** (en diante, **AJE PONTEVEDRA**) persegue como fins fundamentais o fomento do talento do xove emprendedor na sociedade, e o apoio aos emprendedores para crear e consolidar as súas empresas, proporcionando os medios técnicos, humanos e loxísticos necesarios, potenciando deste xeito unha nova cultura emprendedora e innovadora.

Cuarto- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e AJE PONTEVEDRA están interesados na colaboración mutua na promoción de actividades conxuntas que complementen as actuacións levadas a cabo pola Fundación no CEM (Centro de Emprendemento Creativo de Galicia) para a promoción da cultura emprendedora e á contribución ao crecemento económico e creación de emprego, polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Polo presente acordo, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e AJE PONTEVEDRA acordan establecer as bases de colaboración entre ambas institucións, para a programación de actividades conxuntas, formativas e de asesoramento que redunden nas empresas

empendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM) dentro dos espazos Emprende Cultura Gaiás (espazo coworking) e Viveiro Gaiás.

Entre as accións programadas, AJE PONTEVEDRA realizará dentro do Centro de Emprendemento xornadas de networking e formación para os seus afiliados e nas que tamén participarán os empresarios/empresas instaladas nos espazos “Emprende Cultura Gaiás” (coworking) e o “Viveiro Gaiás”.

Igualmente será obxecto deste convenio, o establecemento das bases de colaboración entre ambas institucións, na entrega dos premios Joven Empresario y Joven Emprendedor del año, que cada ano convoca AJE PONTEVEDRA. Optarán todas as candidaturas a 2 postos no espazo do Centro de Emprendemento (CEM) na Cidade da cultura, adecuados para a súa adaptación a actividade prevista durante un período de 1 ano sen custo, en renda e gastos de comunidade, salvo os gastos correntes/privativos que xere o propio negocio e as responsabilidades que da propia actividade se deriven

SEGUNDA.- OBRIGAS DE AJE PONTEVEDRA

A AJE PONTEVEDRA correspóndelle:

1. Realización de actividades no CEM durante o 2019, de tipo formativo ou xornadas networking para a ampliación de rede de contactos. AJE PONTEVEDRA se compromete a:
 - Deseño, planificación, organización e xestión dos eventos ou xornadas.
 - Campaña de difusión, promoción e posicionamento.
 - Deseño da imaxe, newssletter.
 - Deseño de contido, memorias e briefing dos eventos.
 - Campaña de Promoción On line e en Redes Sociais (creación de Blog como plataforma inicial, dende a que realizar accións de Mercadotecnia mix cara a redes sociais-Facebook-Twitter-Pinterest-Google+).
 - Elaboración dos soportes físicos (roller, flyers..) e dixitais, on e off line, da imaxe, contido, logotipos de patrocinadores e colaboradores.
 - Secretaría técnica dos eventos/xornadas. Levando a xestión e inscricións.
 - Funcións de RRPP antes, durante e despois das xornadas coa presenza do staff de AJE PONTEVEDRA.
2. Levar a cabo actuacións de promoción e difusión do Centro de Emprendemento CEM da Cidade da Cultura de Galicia polos medios ao seu alcance, a fin de transmitir os valores e difundir as actividades que en dito espazo se realicen.
3. Facer mención da colaboración da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e dotar de visibilidade a esta colaboración durante toda a campaña relativa á entrega dos premios Joven Empresario y Joven Emprendedor del año, que cada ano convoca AJE PONTEVEDRA. Para elo, deberá;
 - I) Considerar á Fundación como a entidade colaboradora da Actividade facendo constar a colaboración por calquera medio de difusión mediante a inclusión do logo e/ou signo distintivo da Fundación.
 - II) Incluír no material de difusión da Actividade o logo e/ou mención da Fundación, en especial nas súas páxinas dixitais, redes sociais e notas de prensa. Aos devanditos efectos a Fundación facilitará á AJE PONTEVEDRA o logotipo que deba ser difundido.
 - III) Informar á Fundación, no momento da súa convocatoria, das datas de celebración da actividade obxecto do convenio, así como calquera acto, rolda de prensa ou presentación relacionada co mesmo.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

Á FUNDACIÓN correspóndelle:

a) A cesión gratuíta, durante un ano, de dous postos no espazo no CEM, para ser ocupados polos gañadores dos premios *Joven Empresario* y *Joven Emprendedor del año*, que cada ano convoca AJE PONTEVEDRA. Cada posto contará coas seguintes prestacións;

1.- Acceso ilimitado, posto fixo, moble de caixóns, conexión de rede por cable.

2.- Servizos común gratuítos;

- Servizo de titotización xenérica e común as empresas
- Servizo de secretaría e correspondencia postal ordinaria.
- Salas de reunións¹ (con ou sen proxector).
- Aparcamento Cuberto
- Escaparate/showroom, previa petición do autorizado/a e suxeito a valoración dos técnicos da Fundación.
- Rede wifi e conexión por cable.

3.- Servizos segundo custo;

- Teléfono fixo; ademais dos custes telefónicos segundo gasto do usuario, cada mes se facturará un custe fixo derivado da cota de liña de 6,00 € máis o IVE que corresponda).
- Impresora/fotocopiadora: o custe das copias incluírase na factura correspondente, segundo o consumo de cada usuario.
- Aluguer puntual gratuíto doutros espazos da CdC, segundo dispoñibilidade do calendario do Departamento de Visitas & Eventos, durante un máximo de 2 xornadas ao mes². A partir dese mínimo, será de aplicación a tarifa reducida prevista para os aloxados no CEM.
- Descontos: aplicación de tarifa reducida no aluguer de espazos e descontos nas actividades do Departamento de Acción Cultural.
- Almacéns; (de estar dispoñibles)³ o custe dun almacén de 15m2 será de 20,00 € máis IVE. O custe dun almacén de 30 m2 será de 40,00 €.

b) Colaborar na organización das xornadas de formación ou networking, conforme as seguintes directrices;

- Idoneidade do Espazo para a realización das xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia

¹ As salas de reunións non poderán ser utilizadas para a realización de actividades alleas ao seu cometido principal; non se poderán levar a cabo xornadas formativas, cursos, exposicións,... Para a realización deste tipo de actividades, se destinan outros espazos que figuran no catálogo de servizos do CEM.

² Aluguer puntual gratuíto doutros espazos, so se inclúe na tarifa completa: neste uso gratuíto do espazos, non se inclúe persoal técnico, polo que para manexar os equipos audiovisuais dos diferentes espazos da Cidade da Cultura é necesario a contratación de persoal especializado.

³ De non estar dispoñibles, se atenderá as peticións, por riguroso orden de solicitude.

- Coordinación coa campaña de comunicación deseñada por AJE PONTEVEDRA respecto das xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Encargarase da idoneidade do espazo para as xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Necesidades loxísticas para o correcto desenvolvemento das xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Dará visto bo á campaña de branding, difusión e comunicación elaborada por AJE PONTEVEDRA respecto das xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Poderá propoñer relatores para os eventos formato ted en coordinación con AJE PONTEVEDRA.
 - Estar presente xunto a AJE PONTEVEDRA, en todas as accións públicas con motivo das xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Estar presente xunto a AJE PONTEVEDRA, en todas as campañas de comunicación das xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Estar presente xunto a AJE PONTEVEDRA, en todos os soportes on e off line relativas as xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Formar parte xunto a AJE PONTEVEDRA todas as decisións sobre a organización, xestión tanto do evento como da comunicación sobre as xornadas de formación ou networking que se celebren na Cidade da Cultura de Galicia.
- c) A organización e a xestión en xeral do conxunto das edificacións, centros e infraestruturas de todo o complexo, en canto titular da Cidade da Cultura de Galicia e a coordinación das actividades comúns desenvolvidas polos centros ou entidades ubicadas nela.
- d) O mantemento das instalacións, a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos, agás no caso do equipamento propio de AJE PONTEVEDRA ou dos gañadores dos premios *Joven Empresario* y *Joven Emprendedor del año*.
- e) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- f) A promoción, programación, xestión e explotación das actividades culturais a desenvolver en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia.
- g) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- h) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- i) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por outros centros, entidades ou persoas, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS.

AJE PONTEVEDRA e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.

- b) Visibilidade dos logotipos propios de cada institución nos materiais promocionais utilizados para a difusión das liñas de emprendemento que cada entidade realice e considere conveniente, previa confirmación por cada parte.
- c) Difusión, promoción e publicidade dos eventos/actividades propios de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas institucións, e calquera outra canle de difusión que se considere conveniente.
- d) Programación de actividades conxuntas que repercutan obxectivamente en proxectos emprendedores.
- e) Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.

QUINTA.- RESPONSABILIDADES

A Fundación Cidade da Cultura no se fai responsable do material de traballo que AJE PONTEVEDRA ou que os gañadores dos premios *Joven Empresario y Joven Emprendedor del año* poida manter nas instalacións.

En concreto, a Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do/s espazo/s ocupado/s, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente contrato. A vixancia e seguridade do mobiliario e equipamento da súa propiedade serán por conta de AJE PONTEVEDRA.

De igual forma, a Fundación quedará exonerada de calquera responsabilidade que puidese resultar do exceso de ocupación por persoas do espazo cedido, que de ningún modo poderá superar a normativa en vigor nin as condicións específicas do Centro de Emprendemento Creativo de Galicia obxecto do presente contrato. AJE PONTEVEDRA será o único responsable de cantos danos, tanto físicos coma materiais, poidan ocasionarse aos ocupantes e terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, das actividades exercidas por este ou os seus dependentes e dos servizos que preste, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais dependentes de AJE PONTEVEDRA que vaian desenvolver as actividades previstas no acordo, ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do acordo.

SEXTA.- FINANCIAMENTO

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta da AJE PONTEVEDRA ademais dos gastos de persoal dependente do AJE PONTEVEDRA, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais dos eventos, das xornadas de formación ou networking, dotacións dos premios *Joven Empresario y Joven Emprendedor del año*, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da AJE PONTEVEDRA.

Así mesmo, serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos ordinarios, correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens

propios ou en depósito custodiados pola AJE PONTEVEDRA ou polos gañadores dos premios *Joven Empresario y Joven Emprendedor del año*) ou impostos que afecten ao inmovible.

SETIMA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á AJE PONTEVEDRA ou aos gañadores dos premios *Joven Empresario y Joven Emprendedor del año*.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do edificio CEM, e AJE PONTEVEDRA será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

NOVENA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista no obxecto do presente convenio, isto é, un ano dende que o xurado proceda, con carácter anual, ao fallo dos gañadores dos premios *Joven Empresario y Joven Emprendedor del año*, podendo ser prorrogado por anualidades, de mutuo acordo, sempre que dito acordo sexa expreso e formalizado por escrito, cun mes de antelación á finalización da anualidade correspondente.

O acordo conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

DECIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

UNDECIMA.- PUBLICIDADE

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto

126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Non obstante o anterior, a sinatura do convenio non leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos de carácter persoal relativos ás persoas que asinan o presente convenio, así como os demais datos que se obteñan como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento do mesmo, serán incorporados aos ficheiros da FUNDACIÓN para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal para os efectos da xestión da relación entre a FUNDACIÓN e AJE PONTEVEDRA que neste convenio se estableza.

Os datos serán conservados durante todo a relación que une a ambas as Partes, conservándoos posteriormente durante o prazo previsto pola normativa legal, especialmente a fiscal e/ou contable.

A referida persoa terá dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, poderaos solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso a FUNDACIÓN conservaraos para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, poderá opoñerse ao tratamento dos seus datos. Para todo iso, poderá dirixir un escrito á seguinte dirección: Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceira planta (Monte Gaiás) de Santiago de Compostela (A Coruña)

Por outra parte, no caso de que a prestación dos servizos do presente convenio faga necesario que a FUNDACIÓN teña acceso aos datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa titular AJE PONTEVEDRA, en diante e para os efectos desta cláusula, identificada como Responsable do Ficheiro, a FUNDACIÓN será considerada, tamén, como Encargado do Tratamento, segundo as previsións establecidas polo Regulamento 2016/679 Europeo de Protección de Datos, nos seus artigos 28 e seguintes.

Os datos serán tratados polo Encargado do Tratamento conforme as instrucións do Responsable do Ficheiro, así como no presente convenio e cos límites sinalados na normativa vixente na materia.

O encargado do tratamento e todo o seu persoal obrígase a:

- a. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- b. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.

Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, o encargado informará inmediatamente ao responsable.

c. Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que conteña:

1. O nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado e, no seu caso, do representante do responsable ou do encargado e do delegado de protección de datos.
2. As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.
3. No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de devandito terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RGPD, a documentación de garantías adecuadas.
4. Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:
 - a) A seudonimización e o cifrado de datos persoais.
 - b) A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - c) A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - d) O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

d. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións do responsable. Neste caso, o responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos para comunicar e as medidas de seguridade a aplicar para proceder á comunicación.

Se o encargado debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a unha organización internacional, en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que lle sexa aplicable, informará o responsable desa existencia legal de maneira previa, salvo que tal Dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

e. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito ao responsable, cunha antelación de sete días, indicando os tratamentos que se pretende subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderá levar a cabo se o responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido.

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante responsable en lo referente ao cumprimento das obrigacións.

f. Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

g. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarlles convenientemente.

h. Manter a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento da obrigaón establecida no apartado anterior.

i. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

j. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de:

1. Acceso, rectificación, supresión e oposición
2. Limitación do tratamento
3. Portabilidade de datos
4. A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís)

Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ante o encargado do tratamento, este debe comunicalo por correo electrónico á dirección ciidade.cultura@xunta.gal. A comunicación debe facerse de forma inmediata e en ningún caso máis aló do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntamente, no seu caso, con outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

k. O encargado do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable antes do inicio da recollida dos datos.

l. Notificación de violacións da seguridade dos datos: o encargado do tratamento notificará ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 24 horas, e a través de correo electrónico, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela facilitarase, como mínimo, a información seguinte:

- a) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- b) O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- c) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos. Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

Corresponde ao encargado do tratamento comunicar as violacións da seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos. A comunicación conterá, como mínimo, a información seguinte:

- a) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
 - b) Nome e datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
 - c) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
 - d) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.
- Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

m. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando cumpra.

n. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

o. Poñer disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

p. Implantar os mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.

q. Designar un delegado de protección de datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.

r. Devolver ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación.

A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente Convenio de Colaboración ten carácter privado e está excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo dispón o artigo 4.6 desta normativa.

As partes sométense, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles, á xurisdición dos Xulgados e Tribunais do partido xudicial ao que pertence o municipio onde radican as instalacións de Cidade da Cultura, para a resolución de calquera cuestión litixiosa que puidese derivarse da interpretación ou do cumprimento do presente convenio.

Pola Fundación Cidade da Cultura

**Por Asociación de Jóvenes Empresarios
de Pontevedra**

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

Presidente